

EXERCICIOS PARA TRABALLAR O VERBO CORRIXIDOS

1. Nas seguintes formas verbais separa a raíz das desinencias e indica persoa, número e tempo:

	Tema		Desinencias		
	prefixo	raíz	VT	tempo/modo/aspecto	número/persoa
rematou		<i>remat-</i>	<i>-Ø-</i>	<i>-Ø-</i>	<i>-ou</i>
andei		<i>and-</i>	<i>-Ø-</i>	<i>-e-</i>	<i>-i</i>
coñeceremos		<i>coñec-</i>	<i>-e-</i>	<i>-re-</i>	<i>-mos</i>
peiteabas		<i>peite-</i>	<i>-a-</i>	<i>-ba-</i>	<i>-s</i>
volvedes		<i>volv-</i>	<i>-e-</i>	<i>-Ø-</i>	<i>-des</i>
cantar		<i>cant-</i>	<i>-a-</i>	<i>-r</i>	<i>-Ø</i>
comido		<i>com-</i>	<i>-i-</i>	<i>-Ø-</i>	<i>-do</i>
desaconsellabamos	<i>des-</i>	<i>-aconsell-</i>	<i>-a-</i>	<i>-ba-</i>	<i>-mos</i>
digades		<i>dig-</i>		<i>-a-</i>	<i>-des</i>
amaba		<i>am-</i>	<i>-a-</i>	<i>-ba-</i>	<i>-Ø</i>
collín		<i>coll-</i>	<i>-Ø-</i>	<i>-i-</i>	<i>-n</i>
estarei		<i>est-</i>	<i>-a-</i>	<i>-re-</i>	<i>-i</i>

2. Substitúe nas seguintes frases os sintagmas subliñados:

a) por un infinitivo:

- A bebida séntalle mal. **BEBER séntalle mal**
- Sempre me gustou o baile. **Sempre me gustou BAILAR**
- Agora non teño tempo para unha viaxe. **Agora non teño tempo para VIAXAR-**
- O estudo é unha forma de desenvolver a intelixencia. **ESTUDAR é unha forma...**
- Todos os domingos dedicamos unhas horas ao paseo. **... unhas horas a PASEAR**

b) por un xerundio:

- Ía moita calor e cheguei (suar) **SUANDO**.
- A velliña mirounos (sorrir) **SORRINDO**.
- O home camiñaba (fitar) **FITANDO** a un lado e outro.

c) por un participio:

- Cando remates deixa todo **RECOLLEITO** (recoller).
- Non darei **RECOLLIDO** (recoller) o cuarto a tempo.
- O agasallo viña **ENVOLTO** (envolver) en papel de prata.
- O agasallo foi **ENVOLVIDO** (envolver) polo dependente da tenda.
- O mar **CALMO** (calmar) parecía un espello.
- Enfadouse moito e non se dá **CALMADO** (calmar).
- Tomás, **NADO** (nacer) no ano 1979, é o meu fillo máis vello.
- A rapaza non deu **NACIDO** (nacer) a tempo para que a coñecese a súa bisavoa.

3. Escribe en cada frase a forma do infinitivo flexionado que corresponda:

- Para facen **nós** **FACERMO** ese exercicio precisamos unha explicación.
- Ao rematar **REMATAREN** o traballo foron cear a un restaurante.
- Ao entrar **(nós)** **ENTRARMOS** na sala, apagaron as luces.
- De saír **(ti)** **SAIRES** coa túa pretensión de ir **(nós)** **IRMOS** á praia eu quedo na casa.

4. Indica os valores dos tempos verbais das seguintes oracións:

- Rosalía casa con Murguía en 1858. **PRESENTE HISTÓRICO**
- A linguaxe das ciencias humanísticas busca a obxectividade. **PRESENTE ATEMPORAL**
- Mañá comezamos as vacacións. **PRESENTE CON VALOR DE FUTUROÇ**
- Quería ver a nota do meu exercicio, se pode ser. **COPRETÉRITO. VALOR DE CORTESIA**

5. Escribe en **pretérito de indicativo** os verbos indicados entre parénteses. Repara en que non todos son irregulares.

- a) Ela non **FOI** (Ser) a asasina.
- b) Foi estupenda a festa que Xiana e mais ti lle **FIXESTES** (Facer) á vosa nai.
- c) Non lles **FOMOS** (Ir) á cerimonia porque non nos chegou o convite.
- d) O avogado non cho recomendou pero ti **QUIXECHES** (Querer) testemuñar no xuízo.
- e) Hoxe **CONCUCÍN** (Conducir) toda a tarde e agora estou moi cansa para saír.
- f) Na votación da asemblea de onte **HOUBO** (Haber) moita abstención.
- g) As robalizas que **COMEMOS** (Comer) onte a túa nai e mais eu de boas que estaban **SOUBÉRONNOS** (Saber) a pouco.
- h) Xa **LIN** (Ler) no xornal que a crise do petróleo repercutiu na suba dos prezos.

6. Corrixe os erros:

- a) Ese coche consume moita gasolina. **Ese coche CONSOME** moita gasolina.
- b) Dicen que non soupo comportarse. **DIN** que non **SOUBO** comportarse.
- d) Sinten que non hubese festa este ano. **SENTEN** que non **HOUBESE** festa este ano.
- e) Fuxen cos cartos porque ninguén os persigue. **FOXEN** cos cartos... os **PERSEGUE**.
- f) Iso valerá unhas cinco mil pesetas e podrás pagalo ben. ... **PODERÁS** págalo ben.
- g) Non din entendido nada nin puden escoitalo ben. **Non DEI** entendido... nin **PUIDEN**...
- h) Andiven todo o día en busca túa. **ANDEI** todo o día en busca túa.

7. Completa as frases seguintes escribindo o verbo no tempo que se che indica:

- a) Pedíanme sempre que (*cantar: pretérito de subx.*) **CANTASE** aquela canción.
- b) Chegamos tarde e ela xa (*actuar: antepretérito de indicativo*) **ACTUARA**.
- c) Vós xa (*rematar: pretérito de indicativo*) **REMATASTES** o traballo?
- d) Se tivese tempo abondo (ler: pospretérito de indicativo) **LERÍA** máis.

- e) Quen (escribir: pretérito de indicativo) **ESCRIBIU** esta novela tan bonita?
- f) En que colexio (estudar: copretérito de ind.) **ESTUDABADES** cando erades nenos?
- g) Avísame cando (chegar: presente de subxuntivo) **CHEGUE** o carteiro.
- h) Os meus amigos (conducir: pretérito de indicativo) **CONDUCIRON** toda a noite.
- i) Eu (crer: futuro de indicativo) **CREREI** o que dis cando o vexa.
- j) Onte eu (andar: pretérito de ind.) **ANDEI** toda a tarde comprando os agasallos.

8. Volve escribir as frases seguintes cambiando o suxeito polo que se che indica:

- a) Eu fuxo das liortas que non levan a nada. *Ela...* **FOXÉ das liortas...**
- b) Eu nunca minto. *El...* **nunca MENTE.**
- c) Nós durmimos nun hostel. *Ti...* **DORMES nun hostel.**
- d) Nós sentimos moito o ocorrido. *Elas...* **SENTEN moito o ocorrido.**
- e) Eu tuso polas mañás. *Ela...* **TOSE polas mañás.**
- f) Vós acudides puntualmente ás citas. *Eles...* **ACODEN puntualmente ás cita.**
- g) Nós cumprimos as nosas promesas. *Ela...* **CUMPRE as súas promesas.**

9. Completa a perífrase co verbo auxiliar axeitado en cada caso:

- a) Polo camiño **VAN** falando de moitas cousas. (Acción que se está desenvolvendo)
- b) Mostrádeme o traballo que **LEVADES** feito. (Acción como un proceso rematado)
- c) Cando pare de chober **IREMOS** dar un paseo. (Futuridade)
- d) Se queredes aprobar **TEREDES QUE** estudar máis. (Obriga)
- e) O público **FOI** enganado polo mago. (Pasiva)
- f) Imos descansar porque **LEVO** camiñando desde as nove. (Acción que se está desenvolvendo)
- g) Cantas veces cho **TEÑO** dito! (Acción que se repite)